

NORMALIZACIÓN E ENSINO SECUNDARIO

Daniel Asorey Vidal

I.E.S. Ames

Ó ILG, en agradecemento polos anos nos que me formei alí.

É imposible que neste relatorio se traten tódolos aspectos que ligan a normalización do galego coa complicada realidade do ensino secundario. Quero deixar claro, curándome en saúde, que o que aquí se di é só un mero apuntamento de vías de investigación e estudio. Así pois, centrareime en primeiro lugar no que é a historia do ensino con respecto á nosa lingua, non sempre se poderá falar de ensino secundario, xa que moitas veces carecemos de datos e outras moitas probablemente sexa máis pertinente e interesante comenta-la realidade xeral da docencia. Logo, e tras un pequeno repaso do que foi e é a legalidade en materia lingüística, faremos un sinxelo estudio dos usos e actitudes cara ó galego do alumnado do IFP de Lamas de Abade (Santiago).

LINGUA E ENSINO: A HISTORIA, MEMORIA DUNHA RESISTENCIA

A aprendizaxe das linguas estivo vinculado durante a existencia dunha sociedade estamental á perpetuación dun determinado status. Na Galicia da idade media¹ esa lingua franca que posuía un valor de auténtico *status symbol*² do poder era o latín. Comportábase como un idioma sagrado, arredado do común da xente. A el só se accedía estando

¹ Á hora de editar este traballo xurdiron serios problemas en canto ó uso das maiúsculas, pois as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do ILG non tratan en profundidade este aspecto. Así, e con numerosos manuais contradicándose, deixo claro que basicamente seguirei os criterios aportados por Dosil López e Riveiro Costa, 1996, p. 122-138.

² O termo *status symbol* enténdoo no sentido de “unha base adecuada de inferencia para situar un individuo nunha posición de clase ou noutra”, tal e como o fai Ninyoles, 1991, p. 77.

dentro dos círculos máis altos socialmente e, como sabemos, nunha sociedade estamental era practicamente imposible un avance que non fose horizontal. Así logo, o latín nunha sociedade “lingüísticamente normalizada” como era galega da idade media funcionaba como unha marca de status dunha determinada elite sociocultural, que reforzaría desta maneira o seu espírito de corpo, facéndoo máis inaccesible, remarcando as diferencias de status. Por outra banda, esta situación era idéntica á doutras linguas como o italiano, o castelán ou o francés, hoxe consideradas linguas de poder.

Hai que supoñer daquela que o ensino nesta época tiña, como no resto de Europa, moi en conta o latín, aumentado todo isto polo feito de que a Igrexa fose a depositaria de boa parte da cultura. Pero iso non quere dicir que a lingua galega non se estudiase. É sabido o carácter de auténtica koiné dentro da lírica amorosa de gran parte da Península. Se existen manuais como a *Arte de trobar*, que explica aspectos da nosa lírica, parece bastante plausible pensar que dalgún xeito habían aprende-la lingua os poetas foráneos. O galego-portugués era logo un idioma prestixiado socialmente que estaba chamado a desempeña-lo papel de lingua nacional que xurdirá no renacemento³. Pero no medievo a equivalencia estado-lingua non estaba aínda afianzada. Ninyoles⁴ suxire que isto se podería deber á propia inconsciencia da diferenza lingüística, pechados os individuos en territorios moi pequenos, dividido o poder dos reis. Sexa como fose, o certo é que malia a marca de poder do propio latín é moi posible que o galego-portugués funcionase en gran parte da Península como outra marca dun status, principalmente cultural, de determinados grupos sociais.

O paso cara ó renacemento provoca o aumento da comunicación, un despegue económico e a estandarización das diferentes variedades da lingua que deberán converterse en linguas nacionais. Para o propio Ninyoles⁵, citando a Kloss, estamos ante un estado-nación en “calquera país dominado por un só grupo étnico lingüístico”. Esta supremacía debería establecerse como mínimo nun 85% e non podería haber ningunha minoría lingüística notable. Queda claro que cando nace o Estado español non se funda un estado-nación. Aquela entidade estatal que xurde no territorio de varias nacións escolle habitualmente unha única lingua que tentará superpoñer ás outras comezando un proceso de asimilación. Agora si parece estar clara a equivalencia estado-lingua. Paralelamente a este proceso, esa “lingua nacional” asume papeis que antes estaban destinados á lingua franca, *latín* no caso galego. Así, neste trocar de perspectivas, é o castelán o que adquire o papel de *status symbol* dunha nova oligarquía. O ensino é un factor moi importante, pois, aínda que se mantén a supremacía do latín nos estudos superiores, apa-

³ Para observa-lo que supón, con respecto ás linguas, e en especial para a posterior marxinación do galego, esa nova mentalidade lingüística nacida do humanismo pola cal “unha lingua se consideraba valiosa se desvelaba o interese dos gramáticos” ver: Tusón, 1990, p. 38-42.

⁴ Ninyoles, op. cit., p. 68.

⁵ Ibid., p. 140.

rece moi clara a idea de que a asimilación é a mellor maneira de domina-los pobos. Escríbense gramáticas, dicionarios e ensaios⁶. Hai idiomas intelixentes e idiomas rudos. A elite sociocultural autóctona será a primeira en se assimilar, xustamente porque o ensino estaba ó seu alcance. Mentres tanto, a maioría das xentes de Galicia son apartadas do castelán pola propia idiosincrasia dunha sociedade estamental que non permite as fuxidas verticais e non ofrece as vantaxes apetecibles dunha mellora social. Se a elite marca selo co castelán e o garda como algo precioso do seu status ó que nunca pode chega-lo pobo, este, apartado de calquera posibilidade de avance, ha tardar moito en ser asimilado.

O retroceso máis grave do galego xurdirá xustamente cando a sociedade estamental esboroe. Coa aparición dun maior grao de desenvolvemento xorden posibilidades de desprazamento social que non veñen marcadas polo berce. Deste xeito, a lingua foránea é a que se emprega para os traballos máis remunerados ou máis especializados. Sen embargo, o galego pode seguir sendo usado sen ningún problema para desempeñar labores pouco cualificados. Non é raro que se se quere abandonar unha situación social negativa se abandone tamén a lingua. Por outra banda, a esixencia dunha maior cualificación fará precisa a alfabetización, que se fará en castelán, ben porque indirectamente o feito acceder á educación sexa saír da situación de prostración que significaba o galego, lingua ruda, ben por mandato legal e como froito dunha política clara de xenocidio cultural. Exemplo deste último é a Real Orde do ilustrado Carlos III en 1768 ou aqueloutra Cédula de 1780, en ambas se obriga a que se ensine en todo o Reino en lingua castelá. É triste lembrar que en países como Gales apareceren nesta época escolas ligadas á Igrexa que favorecen a alfabetización en lingua propia. De nada serviran as peticións feitas polo moi erudito Sarmiento para que os rapaces “aprendan su lengua vulgar nativa”. O proceso de asimilación non facía máis que comezar.

O século XIX supón un salto cualitativo na perda de uso do galego. As razóns poden ser diversas, pero entre elas destacan os procesos de urbanización e de escolarización cada vez máis intensos. Sen embargo será tamén na pasada centuria cando se levanten as primeiras voces contra a asimilación. Xorden iniciativas que proclaman a lealdade lingüística no seu ámbito cultural e pretenden facer fronte a unha lexislación que non deixa lugar a dúbidas. Así o *Informe de la Junta creada por la Regenta para proponer los medios de proceder al arreglo de los diversos ramos de instrucción pública*, feito por Quintana, propón que o ensino se faga só en castelán⁷. Neste século, con respecto á lingua, a sociedade escolle xa tres vías: ben a asimilación, que será masivamente practicada no XX co paso definitivo dunha sociedade agraria a unha industrial urbana, ben a non mobilidade daqueles con menos recursos, xeralmente do rural, ou ben a lealdade

⁶ O ton laudatorio e propagandístico destas publicacións é constante. Ó longo do libro de Tusón danse abundantes exemplos do aquí dito. Tusón, op. cit.

⁷ Abundan os datos deste proceso asimilador no XIX en Portas, 1991, p. 88.

lingüística. A escolarización, como porta a un posible cambio social, faise en castelán e practica, segundo se vai estendendo, unha durísima discriminación que para Pérez Vilariño⁸ posibilita que os rapaces galegofalantes teñan a metade de éxito que os castelán falantes, sendo moito máis numerosos os primeiros. Como dixemos con anterioridade, unha lingua úsase pola rendibilidade social que adquire, e o galego non tiña ningunha. O que salva a nosa lingua é tristemente a grande deficiencia do ensino e o atraso ó que foi sometida Galicia. Se usamos datos de Barreiro, o 70% dos homes e o 98% das mulleres do país eran analfabetos á altura de 1840.

O século XX mantén as liñas xa apuntadas no anterior. A deserción lingüística é masiva e a alfabetización faise norma. Consonte isto vai acontecendo aumentan máis os grupos que valoran a lealdade lingüística e cultural como a maneira de remarcar os valores do propio fronte ó alleo. A escola é para eles un punto básico da recuperación idiomática. Enfróntanse a unha realidade e lexislación asimiladoras con propostas normalizadoras do status e do corpus lingüístico. O galego debe estar nas aulas e en tódolos niveis. Alén diso toma forma o valor da territorialidade nos procesos de ensino-aprendizaxe, entendida esta como “o lugar onde os problemas son máis inmediatos e visibles porque as relacións humanas e os problemas afectan máis directamente”⁹. Esta territorialidade implicaba ter en conta aspectos sociais, imbricando o illado sistema escolar no seu contexto, moitas veces campesiño. É inevitable que a partir de aquí se chegue a un compromiso coa lingua. Exemplo disto serán as propostas da Asamblea Agraria celebrada en Monforte no 1908, nas que se insiste en que se cren escolas onde se dean nocións de agricultura e se teña en conta o medio natural do alumnado.

O nacemento das Irmandades da Fala, no 1916, dará un pulo definitivo ás medidas que buscaban unha planificación real do status do galego en tódolos ámbitos e fundamentalmente no ensino. Son moitas as conferencias ou os ensaios que deixan xentes como Villar Ponte¹⁰. Xoán Vicente Viqueira fará propostas para a creación dunha escola dinamizadora con bibliotecas de aula e cun mestre orientador, alén dunha real implicación no medio que debería ter en conta a lingua. *A Nosa Terra* do 30 de Xullo de 1918 recolle a súa conferencia “Nosos problemas educativos”, nela aparecen cuestións didácticas, ortográficas e, sobre todo, o reclamo dunha urxente implantación do galego no ensino. Para tentar poñer fin a esta situación as Irmandades deciden crea-las Escolas de Insiño Galego¹¹. Estas institucións deberían introduci-lo galego nun ensino bilingüe, tanto como lingua vehicular de determinadas disciplinas como en calidade de materia de

⁸ Vilariño, 1979.

⁹ Requeijo, 1989, p. 14.

¹⁰ Podemos ver algunhas delas en A. Villar Ponte, 1935.

¹¹ As bases das Escolas do Insiño Galego aparecerán publicadas en *A Nosa Terra* do 15 de Agosto de 1923. O número anterior, o do 25 de Xullo de 1923, faciase eco, na páxina sete, da reclamación, por parte da Facultade de Filosofía e Letras, dunha cátedra de Lingua e Literaturas Galegas para a Universidade de Santiago.

estudio. No 1921 Vicente Risco redacta o seu “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” no que se pide que se impartan en galego historia, literatura, industria ou agricultura, alén de deseñar a didáctica ou a propia arquitectura dos centros. A estas propostas súmase no 1922 Peña Novo que cualifica o sistema educativo como estranxeirizado, facéndose eco de parte da sensibilidade do profesorado. Nese mesmo ano aparece a primeira revista en galego para nenos, *As Roladas*. Incluso no 1925 o Congreso de Economía Galega aposta pola creación de escolas ligadas coa realidade galega onde, por exemplo, se ensine experimentación agrícola. O mesmo Cabanillas abre en La Habana de 1926 a subscripción para o *Libro escolar galego*¹².

Aínda que se dean logros non podemos pensar que minguara a belixerancia asimilista do Estado, proba disto son agresións como o decreto de 1902 que pedía “a los maestros y maestras de instrucción primaria que enseñasen a sus discípulos la doctrina cristiana u otra cualquier materia en un idioma o dialecto que no sea la lengua castellana serán castigados por primera vez con amonestación por parte del Inspector Provincial de Primera Enseñanza”¹³ ou unha orde semellante de Primo de Rivera con data de 13 de outubro de 1925.

A chegada da República vai marcar un cambio radical na concepción do ensino. Aparece un grande debate sobre a escola laica e pública e algúns partidos como o Partido Galeguista, o Partido Republicano Galego, Acción Republicana ou Partido Radical Socialista darán o seu apoio a unha galeguización, aínda que parcial, do sistema escolar. Dende o Ministerio de Instrucción Pública decide facerse unha gran reforma. Hai que pensar que o primeiro decreto da República en materia educativa faise para regular o uso do catalán na escola, posibilitando a súa aprendizaxe ó tempo que organiza cursos para profesores. Esta nova concepción rompe con séculos de inercia e será teima dos galeguistas acadar dereitos semellantes para a nosa lingua.

Na sociedade galega ábrese un fructífero debate, de xeito que en periódicos como *La zarpa*, vinculado á figura de Basilio Álvarez, aparece unha “Página pedagógica”, influenciada pola Institución Libre de Enseñanza. Xunto a este será *La República* de Eloy Luís André outra das publicacións que defenda con máis firmeza a necesidade de incorporar-lo galego ó ensino. Fronte a eles álzanse voces dentro do propio país, exemplo das cales é o xornal *Galicia*¹⁴, que se caracteriza pola dureza dos seus ataques á lingua propia. Estamos ante casos claros de asimilación total á cultura dominante e renuncia absoluta á pertenza ó endogrupo.

¹² Á parte das xa citadas, son moitas as iniciativas aparecidas nestes anos a prol dunha real galeguización da escola. Chega só con follea-los números de *A Nosa Terra*. Resulta aclarador o artigo “Un plan de insenzanza”, de Manuel Gulin, aparecido nesta publicación o 1 de maio de 1930, nel faise unha sinxela planificación por niveis do ensino e insístese en que “será de primeira urxencia a entrada da lingua galega na escola”.

¹³ Cito por Portas, op. cit., p. 88.

¹⁴ Xosé Manuel Cid Fernández cita no seu artigo “Educación e sociedade en Ourense na II República” algúns dos comentarios que aparecen neste xornal. Abonda ler “todos los que tratan de inducir el establecimiento del gallego como lengua oficial comenten un crimen” para ter unha visión clara da ideoloxía do *Galicia*.

Pero o debate non só se dá na prensa. Non debemos esquecerlos docentes. Constitúense asociacións profesionais de profesores e mestres. Na provincia de Ourense, que reflicte perfectamente o que pasa no resto de Galicia, aparece a Asociación Provincial de Magisterio Primario ou a Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense. Ámbalas dúas tiñan publicacións pero será a segunda en *Escuela de trabajo* a que demande, grazas á colaboración de xentes como Ben Cho Shey, unha análise sociolóxica da escola galega, ligándoa co medio e reclamando un ensino en lingua materna, indispensable para rematar coa negativa discriminación da maioría da poboación. Con todo, os avances son moi lentos. Unha boa parte das asociacións non se manifestan claramente a favor e a propia escola católica, moi prestixiosa naquel momento, forma parte da Liga Antirrevolucionaria Española, que tiña como tres piares fundamentais a patria, a familia e a relixión. No 1936, moi pouco antes do golpe militar, educadores marxistas, galeguistas e republicanos chegaran en Vigo a un acordo para galeguizar-lo sistema educativo non só mediante a inclusión do galego como materia de estudo, senón como lingua vehicular para os rapaces que a tivesen como lingua materna, naquel momento a inmensa maioría.

Entre as iniciativas levadas a cabo na República a prol dun ensino galego destacan a aparición en 1932 do primeiro método de lectura no noso idioma, estaba escrito por Xosefa Villaverde. Un ano máis tarde créase un programa para cursos de literatura galega e o Seminario de Estudos Galegos fai o seu Proxecto de Organización do Patronato de Escola Galega. Danse conferencias e escribíense artigos. Alonso Ríos apunta “O que pode ser a nova escola rural galega” e Xosé Troba, da Sección de Pedagogía do Seminario, “Problemas que nos plantexan a escola e o neno en Galicia”. Involúcranse figuras como Portela, Otero ou Castelao e no 1936 Ben Cho Shey escribe, pero non chega a editar, o seu *Libro das primeiras letras*. As esperanzas de que o artigo 50 da Constitución dotase a Galicia do Estatuto e duns dereitos lingüísticos semellantes ós cataláns esmorecen en xullo do 1936. A sangría é brutal. Moitos mestres son apartados da docencia, cando non son fusilados. A escola laica republicana desaparece e con ela o plan de expansión de bibliotecas ou as adaptacións do ensino ó medio. O galego é duramente perseguido e a discriminación que existía por parte do sistema escolar monolingüe cara os rapaces galegofalantes faise evidente coa aparición de castigos cando o noso idioma era usado como lingua de relación. Dunha política de asimilación belixerante pásase a unha política de represión e xenocidio cultural. Bórrase a identidade dun pobo, os seus símbolos enmudecen, e non hai símbolo máis grande cá lingua.

A época franquista ten as características antes sinaladas. Sen embargo habería que resaltar experiencias educativas como a creación en 1946 da escola rural de Barreiros en Sarria que, imitando en certa medida as misións pedagóxicas da República, achega a realidade galega (agricultura, folclore...) ás aulas. Non temos datos para sabelo con certeza, aínda que supoñemos que a nosa lingua non se usaba¹⁵. Ata o 1971, en que aparece

¹⁵ As experiencias desta *rara avis* dentro do franquismo aparecen recollidas por Pousa Antelo, 1988.

a Ley General de Educación, o galego está totalmente ausente do sistema educativo e dende logo en maior medida do ensino secundario, máis prestixioso e para o que non valerían excusas como a lingua materna. Deste xeito, para o curso 1974-1975 ofrécese a posibilidade de que o galego sexa voluntario no preescolar. Durante todo este tempo a política discriminatoria tivo consecuencias nefastas, non xa para a lingua, senón para os galegos. Abonda un dato: en 1972 só o 5,9% dos fillos de labregos cursaban estudos universitarios cando eran as 2/3 partes da poboación¹⁶. Para Vilariño, no ámbito escolar, a dependencia colonial galega de modelos culturais e lingüísticos foráneos foi desastrosa. Procurando demostrar isto ten en conta diversos parámetros, entre eles medi-lo grao de difusión de cada lingua, a organización escolar e os resultados de cada grupo lingüístico. Deste xeito comproba que o fracaso escolar é o dobre entre galegofalantes que castelanfalantes nese ensino monolingüe en castelán. Hai datos máis aterradores, nunha enquisa a profesores de 1972 o propio Vilariño constata que os docentes opinan que os rapaces de entre 7 e 13 anos teñen un coeficiente intelectual excepcional un 70% deles, se se trata de castelanfalantes, e o 19% se falamos de galegofalantes. Isto é grave, non porque un andazo inutilice as neuronas de quen fala galego, como puidese parecer nun primeiro momento, senón porque o profesorado confunde o fracaso dunha educación dada nunha lingua allea, e ademais non relacionada co medio, co coeficiente intelectual dos rapaces. Nótanse en exceso os prexuízos dos ensinantes. Lembremos que no 1972 falaban galego o 90% dos escolares das aldeas, o 88% das vilas, o 66% das cabeceiras de partido e o 32% das cidades. ¿Alguén ten algunha dúbida de por que os pais educaron masivamente en castelán a uns fillos que querían intelixentes?

Nestes anos de cambio político o Estado español encamiñase cara a un réxime democrático. Cando se elabora a Constitución había dúas posibilidades de trata-lo feito lingüístico. Unha delas era o principio de personalidade, polo que, por exemplo, un galego tería garantidos servizos na súa lingua en calquera parte do Estado. O outro criterio era o de territorialidade, polo cal as linguas quedarían circunscritas só a unha parte do Estado. Sen embargo a Constitución garante para o castelán o principio de personalidade e para as outras linguas o de territorialidade. Alén diso, como sabemos, establécese o deber de coñece-lo castelán e non outras linguas oficiais. Existe así en realidade unha pseudooficialidade, que se verá reflectida no Estatuto que no artigo 5 deixa ben claro que “os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e teñen os mesmos dereitos”. Con todo, o adianto foi moi importante, xa que en ámbolos textos se insiste na importancia destas linguas e mesmo no Estatuto se proclama a intención de potencia-lo uso do galego en tódalas ordes da vida pública.

No que concirne ó ensino, na preautonomía aparece o Real Decreto 1981/79 do 20 de xullo de 1979, comunmente coñecido como o *Decreto de Bilingüismo*. Nel aínda se establece un controlado ensino en galego, sempre coa autorización de pais e titores. O

¹⁶ Vilariño, op. cit., p. 23.

mesmo espírito se respira nos decretos 81/1982 do 29 de Abril e o 101/1982, que regulan o acceso da materia de galego ó sistema educativo. Moi diferente sen embargo é a Lei de normalización lingüística, inspirada na catalana, e cun primeiro artigo que foi declarado inconstitucional porque nel se establecía o deber dos galegos de coñecer-la súa lingua nacional. O primeiro desenvolvemento desta lei para o ámbito escolar foi o Decreto 135/1983 polo que se establecen idéntico número de horas para as dúas linguas, converténdose deste xeito en linguas vehiculares do ensino. O 4 de xuño de 1986 aparece unha resolución da Dirección Xeral de Política Lingüística que obriga a que no ensino medio se dean obrigatoriamente dúas materias en galego. A Orde do 31 de agosto do 87 tenta regulamentar dunha maneira sistemática a aprendizaxe na lingua propia do país. Esta orde é recorrida polo goberno do PSOE no Tribunal Constitucional, que deixa en suspenso 12 artigos. Sae así a nova Orde do 1 de marzo de 1988, que sería un instrumento válido se se tivesen tomado as medidas precisas para que se cumprise.

A etapa Fraga no goberno ábrese coa aprobación do controvertido Decreto 253/1990 sobre a exención do galego a rapaces con certas discapacidades físicas. Tras un período no que non se observa a vontade política precisa para levar a cabo os propios ordenamentos legais, aparece o Decreto 247/1995. Recibido satisfactoriamente por diferentes colectivos como a Plataforma polo Ensino Galego ou a Comisión Xestora de Pais e Nais polo Ensino en Galego, o Decreto xerou sen embargo desconfianza porque paradoxalmente a administración que aproba as leis e as ordes leva demasiados anos incumpríndoas ou non velando polo seu correcto funcionamento. Como sempre dende que comezou a aparecer certa lexislación tolerante co galego, parte dos puntos xa foron anulados ó admiti-lo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia un recurso interposto por Gómez Rovira e a AGLI. Desta maneira, os apartados 1º, 2º e 3º do artigo 1º, que trataban da obrigatoriedade de que a vida administrativa dos centros se desenvolvese en galego, xa non teñen validez.

Para a ESO o Decreto especifica que se impartirán en galego as áreas de ciencias sociais e ciencias da natureza, alén das ciencias medioambientais e da saúde e a optativa ofertada polo centro. O artigo seis analiza máis polo miúdo as materias que deben ser impartidas en galego no bacharelato e a FP¹⁷. Por último o Decreto fala da necesidade de que os materiais se fagan en galego e de que se potencie a oralidade da lingua. Un dos problemas que pode haber derivase da capacidade que teñen os rapaces coa LOXSE para confecciona-lo seu currículo. Con todo, non habería que esquecer que os claus-tros deben interpreta-la norma como un mínimo e non un tope e, sobre todo, que a Administración e a Inspección Educativa han facer cumpri-lo legalmente establecido.

¹⁷ O decreto sinala que no primeiro curso de Bacharelato se impartirá na lingua de Galicia a filosofía e alén diso as seguintes específicas de cada modalidade: tecnoloxía industrial; bioloxía e xeoloxía; historia do mundo contemporáneo; debuxo técnico. No segundo curso a materia de historia será impartida en galego como disciplina común e logo tamén as seguintes (dúas ou tres por bacharelato): debuxo técnico e tecnoloxía industrial; ciencias da terra e debuxo técnico; xeografía, historia da arte e historia da filosofía. Así mesmo deben impartirse en galego as optativas: ética, filosofía do dereito, introducción ás ciencias políticas e socioloxía e historia e xeografía de Galicia.

O ENSINO SECUNDARIO HOXE: DA ETERNA MINORÍA Á ACCIÓN. OS COMEZOS DUN PROXECTO

A encrucillada na que se atopa o ensino secundario dentro do proceso normalizador agrávase quizais polo feito de que estamos a vivir un momento de cambio. Á parte diso, por unha banda non se pode deixar de lado o desamparo oficial diante de proxectos normalizadores, o que obrigou á toma de iniciativas organizadas por parte de docentes e pais, e pola outra non é menos certo que a inmensa maioría dos implicados no proceso de ensino-aprendizaxe non amosan o máis mínimo interese polo galego. Se o teñen é que son uns actores fabulosos.

Algunhas das iniciativas normalizadoras non institucionais naceron acabada de chegar a Democracia, así a AS-PG xorde no 1978 como Instituto, impartindo cursos de lingua e literatura e publicando as *Orientacións para a escrita do noso idioma*. A Nova Escola Galega é outro movemento de renovación pedagóxica que loita activamente pola normalización e que dende o 1988 convoca as Xornadas de Normalización Lingüística e publica a *Revista galega de educación* e suplementos en xornais como *Atlántico*. A Asociación de Profesores de Lingua e Literatura publica, á súa vez, o *Manifesto para un acordo necesario* e organiza as Xornadas de Didáctica da Lingua e Literatura. No 1980 créase a Asociación de Escritores en Lingua Galega con revistas como *Escrita*, dentro do ámbito do ensino esta asociación serviu para achega-los escritores ós lectores máis mozos. A Mesa pola Normalización Lingüística, fundada no 1986, caracterízase polo seu talante reivindicativo e as continuas campañas para a potenciación do uso do galego. Apoiaron e colaboraron con iniciativas normalizadoras na educación a Asociación de Funcionarios en Lingua Galega e colectivos como AGAL, asociacións culturais e veciñais, sindicatos como CCOO, SGTE-CXTG e UTEG-INTG (hoxe unificados na CIG), SGTE ou algúns partidos políticos, preferentemente nacionalistas ou da esquerda estatal. Máis tarde xorde a Plataforma polo Ensino Galego, froito da confluencia de moitas destas asociacións, e que convoca os Encontros de Normalización Lingüística no Ensino, iniciando no ano 1996 unha campaña para o cumprimento do último decreto. Non se debe esquecer, finalmente, o papel dos pais, algúns deles agrupados na Comisión Xestora de Pais e Nais polo Ensino en Galego.

Con todo, non debemos ser tan inxenuos como para pensar que unha boa parte do País agarda con expectación medidas normalizadoras. Pola contra debemos ser conscientes da realidade, partindo dun presente gris, pero sendo quen de usa-la legalidade a prol da causa do idioma. Habemos gaña-la batalla, porque niso xogámono-lo corazón, os ollos e a alma dende os que mira-lo mundo. Xogámonos ser. Coa LOXSE témo-la sorte de que o currículo non está totalmente pechado. Partimos da premisa de que o ensino medio debe ser organizado, despois das leis básicas, tomando como fundamento o Deseño Curricular Base (DCB) da Consellería, que dá as liñas claves a concretar logo en cada centro. É evidente que resulta frustrante un documento que no caso da lingua e literatura

galega é exactamente igual que o de lingua e literatura castelá. Incluso é case ofensivo que se faga tanto fincapé no escrupoloso respecto á igualdade das dúas linguas. ¿Referírase realmente a Galicia? ¿Bilingüismo harmónico quizais?¹⁸. A realidade é teimuda e debemos xogar cos instrumentos legais que temos. O seguinte punto de concreción dentro da Reforma é o Proxecto Educativo de Centro (PEC), especie de carta de identidade dos centros. Este documento debería ter vontade de permanencia. Será a nosa obrigación conseguir, amparándonos en leis como a de Normalización, o Estatuto, a LOXSE ou o propio Decreto 247/1995, que a cuestión do galego apareza recollida obrigatoriamente no PEC. Debemos pensar que é de obrigado cumprimento. Hase procurar que o galego apareza como a lingua oficial do centro e que se faga referencia á lingua vehicular e ás estratexias para acadalo avance que o Decreto demanda. O que resulta tamén evidente é que, se nos enfrontamos a todo o Consello Escolar, conseguiremo-la aprobación pero probablemente acabaremos acadando un cumprimento moi frouxo. Creo que a primeira fase podería se-la realización dunha enquisa¹⁹ de usos e actitudes. Nela deberíamos ter en conta o profesorado, o alumnado, a familia, o contexto social e a presenza do galego no centro. Os dous últimos puntos son facilmente observables polo docente. É importante saber cal é a situación da lingua no barrio e concello no que se insire. Hai que comprobar se é usado polas APAS, publicacións... alén de ollar se a administración o utiliza, se existe Equipo de Normalización ou se hai materiais na nosa lingua. Moi importante é tamén a enquisa ó profesorado, tentando comproba-la lingua en que imparte clases, os materiais que usa, as súas actitudes e prexuízos. Por experiencia é complicadísimo facer isto, xa que os datos non coinciden cos dos alumnos. Outro obxectivo desta enquisa sería esclarecer cáles son os usos e actitudes dos mozos e mozas.

O seguinte paso debe ser concretar no PEC outros obxectivos lingüísticos que teñan como referencia o que marca o Decreto, é dicir, o coñecemento idéntico das dúas linguas. Sería excepcional un centro no que o galego estivese á altura do castelán. A partir de aí débese propoñe-la aparición dun Plan Xeral para o Uso do Idioma e dun Plan Específico para o Ensino en Lingua Galega, todos eles coordinados polo Equipo de Normalización Lingüística (ENL), que no Ensino Secundario Obrigatorio está formado por tres profesores designados polo claustro (algún deles debería non ser de lingua galega, xa que así habíamos rompe-la equivalencia departamento didáctico de galego = normalización lingüística), tres alumnos e un representante do persoal non docente. Segundo Fernández Paz²⁰ o ENL debe “propoñer deseñar e coordina-los estudos que se

¹⁸ O termo bilingüismo harmónico pertence á terminoloxía política galega pero, que eu saiba, non á sociolingüística nin ós estudos da planificación do status. De feito, estudiosos como Ninyoles (1990) ou neste mesmo congreso I. Roca puxeron de manifesto que o bilingüismo existente nun país con dúas linguas en contacto e en conflito adoita se-lo paso previo para a desaparición dunha das linguas. Magoa que se tente coar como científico, e sen bases teóricas para iso, algo que só é opinión política.

¹⁹ Esta intuición viuse confirmada no artigo de Fernández Paz, que seguirei en boa medida á hora de presenta-la miña proposta. Fernández Paz, 1994, p. 113-149.

²⁰ Fernández Paz, op. cit., p. 138.

fagan para o estudio sociolingüístico da zona onde estea situado o Centro”, “deseña-lo plano xeral para o idioma”, “propoñer unha axeitada planificación do uso das dúas linguas oficiais no ensino”, ademais de asesora-lo equipo directivo e organizar actividades que fomenten actitudes positivas cara ó galego. En definitiva, planifica-lo emprego e o ambiente favorable, procurando elimina-los prexuízos cara á lingua²¹.

O seguinte aspecto na concreción é o Proxecto Curricular de Centro. Nos obxectivos do PCC, moito menos abstractos, hanse clarificar cuestións como as medidas para utiliza-lo galego en tódolos contextos, cita-las decisións acerca da utilización do galego como lingua vehicular, cáles han se-las áreas galeguizadas primeiro, a qué nivel irá o proceso. Debemos facer notar que o Decreto é un mínimo²². Un dos puntos máis importantes pero á vez máis problemáticos é o da lingua vehicular. O profesorado resulta o principal obstáculo. Supoño que a ningún compañeiro lle resultaría raro que a Administración lle chamase a atención se non impartise docencia as horas que lle corresponden, pero estou convencido que a moitos se lles faría estrañísimo que a Inspección Educativa os sancionase por non cumprir nin por asomo o que contempla a normativa sobre uso do galego. O labor de convencemento debería facerse con paciencia. Aínda así é preciso que se cumpra a legalidade. Por iso é moi importante plasmar no PEC e PCC aqueles aspectos sobre o galego, porque, como indiquei, son normas que hai que respectar e que pais e profesores deben facer cumprir ás autoridades pertinentes. Desta maneira, dende os materiais didácticos que han ser usados ata as campañas de potenciación deben estar perfectamente descritos.

Os seguintes ámbitos de concreción, os Proxectos de Área e de Etapa son herdeiros do PCC e por iso teñen que facer mención ós obxectivos deste. Daquela, todo o que planifiquemos nel acabará repercutindo máis tarde na programación de aula e nas unidades didácticas. Queda claro logo que a importancia que lle deamos á normalización nos órganos de decisión curricular pode defini-lo grao de galeguización do centro, sen esquecer, por suposto, como manexemos os contidos transversais, nos que debería estar presente unha referencia clara á potenciación do galego como recollen o noso Estatuto e Lei de normalización.

Vou remata-lo relatorio facendo referencia ós inicios da experiencia planificadora no IFP de Lamas de Abade. Só se deu o primeiro paso: o estudio de usos e actitudes lingüísticas dos alumnos. Este curso habería que elaborar todo o dito anteriormente. Faltan os datos dos profesores. A non coincidencia entre certas respostas alumno-profesor, algunha imprecisión á hora de contestar fan inviable un inquerito feito anteriormente ós docentes, polo que é preciso un novo. O que está claro, partindo da experiencia persoal,

²¹ O tema da planificación está perfectamente detallado en Fernández Paz, op. cit., p. 140.

²² Todo este lento proceso pódese simplificar se existe un apoio por parte dos pais e os profesores. Casos como os do Colexio de Palmeira son indicativos da falta de vontade política cara unha verdadeira normalización, pero tamén son exemplo do que se pode chegar a facer existindo un apoio maioritario dos estamentos implicados no ensino. Para máis información sobre este caso ver: Vidal, 1996.

é que para moitos rapaces non se cumpre a lei, nin sequera a Orde 1 de marzo do 1988 que obriga a impartir, ademais do galego, un mínimo de dúas materias que se especifican nunha lista na que están a tecnoloxía (impartida só por algúns profesores en galego), humanística (impartida maioritariamente en galego), prácticas (dependendo dos profesores) ciencias naturais (igual) matemáticas (ó 50% en galego). É evidente que todo se deixa nas mans do profesor e que non hai política conxunta por parte dos departamentos, o que fai que o número de materias impartidas en galego varíen moito dun grupo a outro. O caso dos materiais é particularmente grave, xa que a abafante maioría está en castelán.

O centro, de FP, está situado nun barrio periférico de Compostela (Pontepedriña), ten 1189 alumnos divididos nas dúas quendas de nocturno e diúrno, onde se imparten as especialidades de perruquería e estética en primeiro e segundo grao e prótese dental e anatomía patolóxica en segundo grao. Hai nocturno na rama sanitaria e funciona tamén un módulo de FP2 de auxiliar de enfermería. Predominan as mozas. A extracción social dos alumnos é modesta e un gran número deles veñen do rural. Os que viven en Compostela residen maioritariamente en barrios socialmente deprimidos ou da área periurbana.

A enquisa repartínllela ós rapaces e rapazas no mes de xuño. Tirei 500, aínda que só contestaron 300. Aquí só analizarei 207, o que supón máis do 10% do total de alumnos, repartidos nas seccións de perruquería, estética, sanitaria e nas quendas diúrna e nocturna. Ó ter dúas únicas variables (rural, urbano) ten unha fiabilidade notable, cunha marxe de erro que non debería chegar ó 5%. A análise curso a curso permitirá facer programacións de aula que contemplan aspectos concretos. Neste caso, sen embargo, isto non é pertinente nin aporta ningún valor para o deseño do PEC ou do PCC. Colaboraron no seu reparto ademais dos compañeiros do seminario, profesores de ciencias, inglés, matemáticas, historia, tecnoloxía e relixión, coa intención de non condiciona-las respostas fronte ó profesor de galego.

1 ¿Falas galego normalmente na casa?

| GRUPO | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|--------|-------|-------|----------|--------|
| RURAL | 6,8% | 13,6% | 8,21% | 71,23% |
| URB. | 14,7% | 38,2% | 26,4% | 20% |
| GLOBAL | 9,3% | 21,4% | 14% | 55,1% |

2 ¿Cos amigos?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 6,8% | 21,9% | 21,9% | 47,9% |
| URB. | 14,7% | 38,2% | 32,3% | 14,7% |
| TOTAL | 9,3% | 27,1% | 25,2% | 37,3% |

3 ¿Teus pais fálanche galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 8,2% | 12,3% | 4,1% | 75,3% |
| URB. | 20,5% | 23,5% | 14,7% | 44,1% |
| TOTAL | 13% | 15,8% | 7,4% | 65,4% |

4 ¿E entre eles falan galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 8,2% | 8,2% | 6,8% | 73,9% |
| URB. | 20,5% | 26,4% | 14,7% | 41,1% |
| TOTAL | 12,1% | 14% | 9,3% | 63,5% |

5 ¿Se queres ligar, úsa-lo galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 20,5% | 21,9% | 13,6% | 42,4% |
| URB. | 47% | 20,5% | 20,5% | 2,9% |
| TOTAL | 28,9% | 21,4% | 15,8% | 28,9% |

6 ¿Se te enfadas, úsa-lo galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 8,2% | 10,9% | 16,4% | 65,7% |
| URB. | 28,4% | 5,8% | 32,3% | 32,3% |
| TOTAL | 14,9% | 9,3% | 21,4% | 55,1% |

7 ¿En Lamas falas galego cos colegas?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 6,8% | 17,8% | 26% | 47,9% |
| URB. | 28,4% | 28,4% | 23,5% | 17,6% |
| TOTAL | 14% | 21,4% | 25,2% | 38,3% |

8 ¿E cos profesores?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 8,2% | 14,9% | 31,5% | 36,9% |
| URB. | 14,7% | 52,9% | 23,5% | 8,8% |
| TOTAL | 10,2% | 31,7% | 28,9% | 28% |

9 ¿Os teus profesores imparten as clases en galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|------|-------|----------|-------|
| RURAL | 1,3% | 43,8% | 30% | 8,2% |
| URB. | 5,8% | 35,2% | 35,2% | 5,8% |
| TOTAL | 2,8% | 43% | 31,7% | 7,4% |

10 ¿Soñas en galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 31,5% | 16,4% | 21,9% | 30 |
| URB. | 50% | 17,6% | 5,8% | 8,8% |
| TOTAL | 37,3% | 16,8% | 16,8% | 23,3% |

11 ¿Falas máis galego cos amigos de Lamas que cos de sempre?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 30,1% | 23,2% | 13,6% | 21,9% |
| URB. | 44,1% | 17,6% | 17,6% | 5,8% |
| TOTAL | 34,5% | 21,4% | 10,2% | 16,8% |

12 ¿Os libros en galego son máis aburridos?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 65,7% | 13,6% | 10,9% | 4,1% |
| URB. | 73,5% | 8,8% | 8,8% | 5,8% |
| TOTAL | 68,2% | 12,1% | 10,2% | 4,6% |

13 ¿Aprendiches a ler en galego antes que en castelán?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 64,3% | 12,3% | 5,4% | 19,1% |
| URB. | 67,6% | 2,9% | 8,8% | 5,8% |
| TOTAL | 65,4% | 8,4% | 6,5% | 14,9% |

14 ¿Falas máis galego na casa que en Lamas?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 24,6% | 5,4% | 16,4% | 39,7% |
| URB. | 50% | 17,6% | 17,6% | 14,7% |
| TOTAL | 32,7% | 8,4% | 16,8% | 35,5% |

15 As clases en galego só deben se-las desta lingua

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 53,4% | 15% | 10,9% | 19,1% |
| URB. | 61,7% | 2,9% | 11,7% | 17,6% |
| TOTAL | 56% | 11,2% | 11,2% | 18,6% |

16 ¿Dende que estás en Lamas falas máis galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 41% | 23,2% | 10,9% | 12,3% |
| URB. | 50% | 20,5% | 23,5% | 5,8% |
| TOTAL | 43,9% | 22,4% | 14,9% | 10,2% |

17 ¿As clases doutra materia, se están en galego, son máis difíciles?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 71,2% | 12,3% | 13,6% | 6,8% |
| URB. | 47% | 20,5% | 11,7% | 17,6% |
| TOTAL | 63,5% | 14,9% | 13% | 10,2% |

18 ¿Gustaríache ter máis clases en galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 23,2% | 17,8% | 20,5% | 36,9% |
| URB. | 32,3% | 41,1% | 17,6% | 23,5% |
| TOTAL | 26,1% | 25,2% | 19,6% | 32,7% |

19 ¿O castelán é unha lingua máis fina có galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 67,1% | 12,3% | 10,9% | 6,8% |
| URB. | 41,1% | 14,7% | 17,6% | 23,5% |
| TOTAL | 58,8% | 13% | 13% | 12,1% |

20 ¿O galego é unha lingua bruta?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|------|-------|----------|-------|
| RURAL | 80% | 9,5% | 6,8% | 2,7% |
| URB. | 50% | 23,5% | 8,8% | 14,7% |
| TOTAL | 71% | 14% | 7,4% | 6,5% |

21 ¿O galego está de moda?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 12,3% | 31,5% | 21,9% | 34,2% |
| URB. | 26,4% | 14,7% | 20,5% | 32,3% |
| TOTAL | 16,8% | 26,1% | 21,4% | 33,6% |

22 ¿O galego debe ser unha materia obrigatoria?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 19,1% | 6,8% | 17,8% | 52% |
| URB. | 2,9% | 20,5% | 11,7% | 58,8% |
| TOTAL | 14% | 11,2% | 15,8% | 54,2% |

23 ¿Gústache o rock en galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 35,6% | 6,8% | 17,8% | 38,3% |
| URB. | 20,5% | 20,5% | 20,5% | 32,3% |
| TOTAL | 30,8% | 11,2% | 18,6% | 36,4% |

24 O rock en galego mola menos que en castelán

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 63% | 5,4% | 16,4% | 10,9% |
| URB. | 44,1% | 23,5% | 5,8% | 20,5% |
| TOTAL | 57% | 11,2% | 13% | 14% |

25 ¿Serve para algo que falemos galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|------|-------|----------|-------|
| RURAL | 1,3% | 4,1% | 24,6% | 65,7% |
| URB. | 2,9% | 20,5% | 20,5% | 55,8% |
| TOTAL | 1,8% | 9,3% | 23,3% | 62,6% |

26 ¿Impórtache que o galego desapareza?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|------|-------|----------|-------|
| RURAL | 9,5% | 1,3% | 16,4% | 75,3% |
| URB. | 2,9% | 5,8% | 17,6% | 73,5% |
| TOTAL | 7,4% | 2,8% | 16,8% | 74,7% |

27 ¿Unha moza que fala galego é máis bruta?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 80% | 5,4% | 2,7% | 4,1% |
| URB. | 64,7% | 11,7% | 5,8% | 14,7% |
| TOTAL | 75,7% | 7,4% | 3,7% | 7,4% |

28 ¿E un mozo?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 84,9% | 8,2% | 1,3% | 4,1% |
| URB. | 61% | 8,8% | 11,7% | 17,6% |
| TOTAL | 77,5% | 8,4% | 4,6% | 8,4% |

29 ¿Falar galego depende dos cartos que teñas?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 97,2% | 0% | 0% | 2,7% |
| URB. | 91% | 2,9% | 2,9% | 5,8% |
| TOTAL | 95% | 0,9% | 0,9% | 3,7% |

30 ¿Falaríaslle sempre en galego a un fillo teu?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 17,8% | 10,9% | 13,6% | 60% |
| URB. | 17,6% | 26,4% | 20,5% | 20,5% |
| TOTAL | 17,7% | 15,8% | 15,8% | 47,6% |

31 ¿ Un profesor, en Galicia, debería saber galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 16,4% | 5,4% | 16,4% | 58,9% |
| URB. | 14,7% | 8,8% | 17,6% | 55,8% |
| TOTAL | 15,8% | 6,5% | 16,4% | 57,9% |

32 ¿A teus pais gustaríalles que falases galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 8,2% | 12,3% | 21,9% | 53,4% |
| URB. | 20,5% | 11,7% | 29,4% | 35,2% |
| TOTAL | 12,1% | 12,1% | 24,2% | 47,6% |

33 ¿Se tiveses un mozo ou moza preferirías que falase castelán?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 67,1% | 16,4% | 5,4% | 8,2% |
| URB. | 29,4% | 5,8% | 17,6% | 38,2% |
| TOTAL | 55,1% | 13% | 9,3% | 17,7% |

34 ¿Gustaríache que en Lamas se potenciase o uso do galego?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 4,1% | 9,5% | 23% | 60,2% |
| URB. | 14,7% | 26,4% | 23,5% | 41,1% |
| TOTAL | 7,4% | 14,9% | 23,3% | 54,2% |

35 ¿Falas menos galego agora que cando eras cativo?

| | NADA | POUCO | BASTANTE | MOITO |
|-------|-------|-------|----------|-------|
| RURAL | 57,5% | 8,2% | 15% | 16,4% |
| URB. | 52,9% | 5,8% | 14,7% | 17,6% |
| TOTAL | 56% | 7,4% | 14,9% | 16,8% |

Ó meu entender a partir destes datos podemos facer unha análise de urxencia. En primeiro termo resulta evidente que os rapaces usan maioritariamente o galego²³ xa que o alumnado procede principalmente do medio rural. Por outra banda é notoria a diferenza de uso entre castelanfalantes e galegofalantes, así como a utilización do galego cos pais e cos compañeiros. Aínda así o dominio da lingua é máis que aceptable.

Podemos dicir que hai dous grupos ben delimitados en canto ó uso do idioma, cunha diferenza de 30 puntos segundo o usen moito ou pouco. Os prexuízos lingüísticos repártense por igual, desbotando algúns como o paifoco do galego, o galego e a miseria,

²³ A porcentaxe coincide case exactamente coa que Rubal, 1987, p. 46. dá para indica-la lingua dos mozos que cursan a FP no rural.

agás en opcións ligadas coas relacións de parella onde aparece unha escolla ligada á lingua materna. Nada se fai tampouco por aqueles rapaces que non falan galego habitualmente e se desenvolven nun medio que non lles posibilita, tal e como di a lexislación, dominar por igual as dúas linguas

A enquisa demostra o que xa intuía: mozos maioritariamente a prol da lingua, totalmente en contra da súa desaparición. Alumnos que teñen moi claro que un profesor ha sabe-lo idioma do noso país. Son rapaces que masivamente opinan que os materiais en galego non son máis difíciles que en castelán mais que, sendo como son galegofalantes, foron alfabetizados noutra lingua. Por último, non deixa de ser paradoxal que os propios alumnos estean a prol da potenciación do galego no centro, que digan que ós seus pais lles gustaría que o falasen pero que sen embargo non sempre se cumpran os mínimos legalmente establecidos.

En definitiva, o IFP de Lamas de Abade é un centro maioritariamente galegofalante, no que se refire ó alumnado. Como vimos ó longo deste relatorio, esta foi unha constante no noso país, onde, malia iso, se someteu unha cultura e unha lingua. Hoxe aínda parte do profesorado segue practicando unha perigosa e inxusta discriminación, esquecendo principios básicos da Reforma como son o valor da diversidade. Daquela, o ensino segue a ter poder castelanizante, asimilador e discriminante. É o noso deber como docentes procura-las mesmas oportunidades, abrir camiños, nunca poñer eivas. ¡Haino que tentar!

BIBLIOGRAFÍA

- Baldomir Pego, X., “A loita lingüística dos ensinantes. O nacimiento da Plataforma de Ensino Galego” in *Cadernos A Nosa Terra. Galego na escola*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 1996.
- Bosque Zapata, H., “Linguas ensino e lexislación” in *Cadernos A Nosa Terra. Galego na escola*, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 1996.
- Cid Fernández, X. M., “Educación e sociedade en Ourense na II República” in Varios, *Educación e sociedade en Ourense*, Sada, Edicións do Castro, 1989.
- Coll, C. e outros. *Psicología y currículo*, Barcelona, Paidós, 1992.
- Doral Fernández, I. *Deseño Curricular de Bacharelato, materias comúns*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.
- Dosil López B. e Riveiro Costa, X. *Diccionario de ortografía de lingua galega*, A Coruña, Fontel, 1996.
- Fernández Freixanes e outros. *Programas de lingua e literatura galegas. Bacharelato e formación profesional*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Cultura, 1984.
- Fernández Paz, A., “O Proxecto Educativo e o Proxecto Curricular: Dous instrumentos para a normalización lingüística dos centros” in Silva-Valdivia, B. (coordinador), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1994, pp. 113-149.
- Fernández Rei, F., “Nacionalismo e dignificación da lingua 1972-1980” in *A Trabe de Ouro* 1, 1990, pp. 43-71.

- Gabinete da Reforma Educativa, *Desenvolvemento curricular. Secuencias de obxectivos e contidos. Lingua galega e literatura. Lengua castellana y Literatura*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1992.
- Exemplificaci3ns did3cticas educaci3n secundaria obrigatoria*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1991.
- Ninyoles, R., *Estructura social e pol3tica lingüística*, Vigo, Ir Indo, 1991.
- Nisbet, J. e Schucksmith, J. *Estrategias de aprendizaxe*, Madrid, Santillana, 1987.
- Noia, M. C., “Conciencia lingüística e norma ortográfica no primeiro tercio do século XX” in *Verba* 19 (1992), pp. 55-78.
- Pérez Pereira, M., “Adquisición da primeira e segunda linguas: bases psicolóxicas e psicopedag3xicas” in Silva-Valdivia, B.(coordinador), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1994, pp. 33-72.
- Pérez Vilariño, J., *Dependencia y discriminaci3n escolar en Galicia*, Madrid, Akal, 1979.
- Portas, M., *Lingua e sociedade na Galiza*, A Coruña, Bahía, 1991.
- Pousa Antelo, A., *A Escola agrícola da granxa de Barreiros*, Sada, Edici3n do Castro, 1988.
- Requeijo, A. “A dimensión territorial no marco da realidade socioeducativa” in *Educaci3n e sociedade en Ourense*, Sada, Edici3n do Castro, 1989.
- Rojo, G., *Aproximaci3n a las actitudes lingüísticas del profesorado de EGB en Galicia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1979.
- Rubal Rodríguez X./ Rodríguez Neira, M.A. *O galego no ensino público non universitario*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega. 1987.
- Silva-Valdivia, B., “Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa” in Silva-Valdivia, B.(coordinador), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1994, pp. 151-176.
- Silva-Valdivia, B. (coordinador), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1994.
- Tuson, J., *Mal de linguas*, Santiago de Compostela, Edici3n Positivas, 1990.
- VV.AA., *Educaci3n e sociedade en Ourense*, Sada, Edici3n do Castro, 1989.
- VV.AA., *Teoría y práctica del proceso de enseñaanza aprendizaxe. Pautas y exemplos para un desenvolvemento curricular*. Madrid, Narcea, 1992.
- Vidal, Carme, “O conflito no pátio do coléxio” in *Varios Cadernos A Nosa Terra. Galego na escola*, Vigo, Promoci3n Culturais Galegas, 1996.
- Wardhaugh, R., *Introducci3n á sociolingüística*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1992.